

# O VICIO DO PODER

[Adam McKay, 2018]

# 474

ESTREA EN NUMAX: 11.01.2019 | V.O.S.E.

*Vice* (2018, 132')

**Dirección:** Adam McKay

**Guión:** Adam McKay

**Elenco:** Christian Bale, Amy Adams, Steve Carell, Sam Rockwell, Bill Pullman, Stefania Owen, Jillian Armenante, Brandon Sklenar, Brandon Firla, Abigail Marlowe, Liz Burnette

**Montaxe:** Hank Corwin

**Dirección de arte:** David Meyer, Brad Ricker, Dean Wolcott

**Vestuario:** Susan Matheson

**Son:** Ed Novick

**Música:** Nicholas Britell

**Fotografía:** Greig Fraser

**Produtora:** Gary Sanchez Productions, Plan B Entertainment, Annapurna Pictures (EEUU)

**Distribuidora:** eOne Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2019 (Mellor actor de comedia –Christian Bale–)

## FILMOGRAFÍA

*La gran apuesta*, 2015

*Los amos de la noticia*, 2013

*Los otros dos*, 2010

*Hermanos por pelotas*, 2008

*Pasado de vueltas*, 2006

*El reportero: La leyenda de Ron Burgundy*, 2004

*Wake Up, Ron Burgundy: The Lost Movie*, 2004

## SINOPSE

Dick Cheney, un reservado burócrata de Washington, acabou converténdose no home máis poderoso do mundo como vicepresidente dos Estados Unidos durante o mandato de George W. Bush, con consecuencias no seu país e o resto do mundo que aínda se deixan sentir hoxe en día.

“Unha traxicomedia escura e tremendamente audaz”

Todd McCarthy, THE HOLLYWOOD REPORTER



## “Christian Bale demostrou ser un grande actor de comedia”

Entrevista con Adam McKay

Por Jack Giroux

### Comecemos polo inicio, que te levou a facer un filme sobre Dick Cheney?

Creo que o primeiro pulo veu da lectura dun libro que se atopaba nun dos meus andeis. Axiña fiquei abraiado pola influencia que acadou este home e, especialmente, pola súa intelixencia para se converter nun mestre da burocracia que rematou manexando Washington D.C. Na altura era o dono do país máis poderoso do mundo e eu pregunteime: «Quen é este tipo? Que sabemos realmente del?». E aí comezaron as miñas pesquisas. Comecei a apaixonarme por este personaxe sombrío que non ofrecía grandes discursos, do que ninguén pode lembrar ningunha frase digna de mención. Iso fíxome interesarme aínda máis. Dick Cheney era como Zelig. Apareceu grazas a un enorme cambio na Historia, a revolución Reagan, e nun momento dado soubo escoller o cabalo gañador. E por suposto estaba a súa muller, Lynne Chaney, unha forza da natureza, e a súa historia de amor. Cando me decatei de que a cerna do filme era unha historia de amor pensei: «Aquí pode haber algo».

### Efectivamente, na maioría dos biopics as mulleres son deseñadas como personaxes de acompañamento, mais ela é tan importante coma Dick Cheney. Que liberdade tiveches ás hora de escribir a súa relación?

Levamos a cabo unha investigación inxente, contratamos o noso propio xornalista que se entrevistou con xente *off the record*. Así puidemos aproximarnos ás texturas e pequenos detalles do seus carácter, á maneira en que os Cheney interactuaban, a súa vida. Pero dalgunha maneira sempre xogas con hipóteses porque hai momentos non que só hai dúas persoas nun cuarto. Por exemplo, en que pensaba Cheney logo de falar con George W. Bush? Realmente non o podemos saber.

### En canto aos actores, eras consciente da capacidade humorística de Christian Bale? É divertidísimo, efectivamente. É sen dúbida un grande actor de comedia. Non me decatei até que comezamos a rodar, todos eles son xente moi seria e talentosa no seu traballo e endiañadamente divertida cando queren. E dálles por aí bastante a miúdo. Creo que esa é a razón pola que son perfectos para este filme, porque é unha película que vai do drama á traxedia máis escura, pasando pola comedia absurda. E estes rapaces poden facelo coma se estivesen a cambiar atracción nun rodeo. Pero si, Bale reivindicouse na súa versión máis divertida e brincadeira, tamén no set, onde rimos a cachón.

### Ao igual que en *La gran apuesta* (2015), o ton do filme pode mudar

### drasticamente dun intre para outro. Que dificultades atopaches na mesa de montaxe? Á hora de xerar o tempo do filme traballamos nuns niveis de detalle que nunca experimentara. Ás veces tiñamos a sensación de que se cortabamos 5 fotogramas antes a escena non valería nada. Nalgunha escena dicíalle ao meu montador: «Hank [Corwin], neste plano hai un cuarto de respiración de máis». Por tanto todas as mudanzas de ton son deliberadas, e fomos pulindo canda escena unha e outra vez até que quedamos convencidos.

### Moitos directores de biopics semellan estar preocupados polo que poderían pensar os protagonistas dos seus filmes. Tes pensado en que opinión terá Dick Cheney do filme? Coido que non terá problema aproximadamente co 98% do filme, se cadra o final, cando retrato a relación coas súas fillas e a América que ficou tras o seu mandato, pode ofrecerlle máis reservas. Pero sei de primeira man, por xente que o coñece de preto, que Cheney non renega do seu legado. Penso que ao velo el dirá algo así: «Si, pensabamos que Iraq e Saddam Hussein tiñan armas de destrución masiva. En calquera caso el era un ditador, mala xente. Iso mantéño. E os novos métodos de interrogatorio, non creo que fosen necesariamente tortura». Esa é a miña teoría pero tampouco descarto que aos dous minutos de arrancar o filme se levantase e comezase a bater en min.

Publicado en [www.slashfilm.com](http://www.slashfilm.com)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**4€**  
**Faite NUMAX!**

**Abónate agora e ven sempre por**